

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCAN BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE CURSOS NO CENTRO DE LINGUAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO CURSO 2023/2024

O estudantado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 64.h dos Estatutos da Universidade de Vigo, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

O coñecemento de linguas estranxeiras por parte do estudantado é un obxectivo estratéxico da Universidade de Vigo que favorece a internacionalización e a súa formación integral. Por isto, estímase conveniente proceder a unha convocatoria de bolsas co obxecto de fomentar a aprendizaxe de idiomas, cuxa xestión realizárase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario* e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, bolsas para a realización de cursos no Centro de linguas da Universidade de Vigo que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte a publicarse, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar esta resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpoñer un recurso contencioso-administrativo namentres non recaia unha resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co previsto na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 31/10/2023 (DOG 10/11/2023)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

BASES DA CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE CURSOS NO CENTRO DE LINGUAS

1. OBXECTO

Estas bolsas teñen por obxecto facilitar a aprendizaxe de linguas estranxeiras ao estudantado de titulacións oficiais da Universidade de Vigo financiando o custo de matrícula nos cursos do Centro de Linguas da Universidade.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode solicitar a bolsa o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Posuír a nacionalidade española, dalgún outro país da Unión Europea, ou de países non comunitarios acreditando a condición de residente en España a 31 de decembro de 2023 (non é suficiente o permiso de estada por estudos).
- b) Estar matriculado/a no curso 2023/2024 en centros propios da Universidade de Vigo nalgunha das titulacións oficiais de Grao ou Mestrado universitario, ou en centros adscritos de titularidade pública que imparten titulacións non impartidas en centros propios (Enfermaría Ourense, Enfermaría Pontevedra e Enfermaría Meixoeiro).
- c) Ter cursado, estar cursando un curso de idiomas, ou ter realizada a inscrición ao exame do Centro de Linguas no curso 2023/2024 .
- d) Non ter concedida esta bolsa en convocatorias anteriores agás cando se trate dun segundo curso que sexa continuación doutro rematado e subvencionado.

Queda excluído o estudantado estranxeiro que acceda á Universidade de Vigo a través de programas de mobilidade internacional e o estudantado visitante.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que concorran algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, de 17 de novembro*.

3. INCOMPATIBILIDADES

As bolsas que se establecen nesta convocatoria son incompatibles con calquera outra axuda da mesma natureza e para a mesma finalidade e período.

O importe das bolsas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o coste da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da *Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a esta bolsa irán con cargo á aplicación orzamentaria 2024 0000 121D 482.99 e o importe máximo do crédito orzamentario retido ascende a 10.000€ para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

2. A contía individual máxima da bolsa será equivalente ao **importe de matrícula do curso ou exame de linguas. So se percibirá o importe correspondente a un curso**. Esta contía está suxeita á retención de IRPF que estableza a normativa vixente nesta materia.



3. O pagamento da bolsa efectuarase, unha vez comprobado que as persoas beneficiarias asistiron como mínimo ao 85% das horas do curso ou se presentaron a exame no seu caso, mediante transferencia á conta bancaria indicada polo/a alumno/a na súa solicitude e da que deberá ser titular.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

A solicitude realizarase a través do **formulario en liña** dispoñible na secretaría virtual da Universidade <http://secretaria.uvigo.gal/> na que deberá rexistrarse e seleccionar "Bolsas propias de estudos" / **BOLSAS CURSOS DE IDIOMAS**".

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para as persoas interesadas neste procedemento (art. 66.6 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, solicitaráselle que a presente de xeito electrónico.

2. O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte a publicarse esta convocatoria e rematará o **16 de abril de 2024** ás 23:59 horas (hora peninsular española).

3. No formulario en liña achegarase a seguinte documentación:

- O alumnado extracomunitario deberá acreditar a condición de residente en España a 31 de decembro de 2023 (non é suficiente o permiso de estadía por estudos).
- O alumnado que accedeu ao mestrado oficial e doutoramento desde estudos cursados noutras universidades españolas deberán aportar a certificación académica correspondente con indicación de nota media.
- O alumnado que accedeu ao mestrado oficial e doutoramento desde estudos cursados en universidades estranxeiras deberá aportar a Declaración de Equivalencia de Nota media solicitada ao *Ministerio de Educación y Formación Profesional* a través do seguinte enlace

<https://www.universidades.gob.es/equivalencia-de-notas-medias-de-estudios-universitarios-realizados-en-centros-extranjeros/>

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que resulte necesaria para a correcta avaliación de requisitos e méritos alegados. O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.

6. COMPROBACIÓN DE DATOS

En cumprimento do disposto no artigo 28 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública*, para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente a través do Centro de Linguas os datos sobre matrícula e asistencia aos cursos e exames.

No caso de existir oposición, ou que existan dificultades técnicas que impidan a súa cesión a persoa solicitante deberá enviar os documentos que acheguen información a bolsasformacion@uvigo.es no prazo de presentación de solicitudes.

7. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Sección de Axudas e Bolsas, logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.



As persoas interesadas disporán dun prazo de **dez días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, a falta de documentación e as causas de exclusión. Para tal fin, deberán empregar o **formulario de alegacións** existente na Secretaría Virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme a *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública*.

A selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo cos seguintes criterios:

1. Nota media do expediente para estudantado de continuación e nota de acceso para estudantado de inicio de estudos: ata 10 puntos
2. Estudantado que teña concedida bolsa xeral do MEFP (Ministerio de Educación) no curso 2023/2024 ou Axuda propia UVIGO no curso 2022/2023: 10 puntos

A Comisión de avaliación está composta por:

Presidenta: Natalia Caparrini Marín, vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Vogais: Rosa Graña Costas, xefa do Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos
Magdalena Domínguez Álvarez, xefa da Área de Bolsas

Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún/algúnha dos/das compoñentes non pode asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

Unha vez efectuada a selección pola comisión, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida, denegada** coa mención da causa de denegación, e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **dez días hábiles**, contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin presentarán o **formulario de alegacións** na Secretaría Virtual.

Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviaralle a proposta á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade, quen adxudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.

Tendo en conta o obxecto da convocatoria, no caso de que o número de persoas admitidas sexa inferior ao de bolsas convocadas e dado que non existe puntuación mínima para a selección, aplicarase o procedemento abreviado establecido no artigo 22 da *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, polo que a Sección de Axudas e Bolsas formulará directamente a proposta de concesión á vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade sen necesidade de que interveña a comisión de selección.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar unha resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e a súa contía, con bolsa denegada e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.



Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar que comezará a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*.

As listaxes ás que se refire este punto así como a Resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, cos efectos de notificación previstos no artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias serán realizadas ao enderezo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

8. RENUNCIA

A renuncia voluntaria á bolsa deberá realizarse mediante escrito presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>) dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pagamento. As renuncias aceptadas darán lugar á perda dos dereitos económicos e á concesión da bolsa á seguinte persoa da listaxe de agarda.

9. OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá:

1. Destinar a bolsa á finalidade para a que foi concedida.
2. Xustificar a realización da actividade obxecto da axuda asistindo como mínimo ao 85% das horas do curso ou terse presentado ao exame.

Ademais o beneficiario/a debe de cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*, que lle sexan de aplicación.

10. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e perda do dereito de cobro destas bolsas:

1. Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
2. A ocultación de datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
3. Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas está obrigada a reintegrarlle á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

11. TRANSPARENCIA



1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

12. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en [https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion%20datos%20para%20CONVOCATORIAS%20bolsas.pdf)

